



Os Grupos de Acción Costeira (GAC) no marco do eixe 4 do FEP

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2008



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PESCA
E ASUNTOS MARÍTIMOS



Fondo
Europeo
de Pesca

Índice



1. Eixe 4 do Fondo Europeo de Pesca

O eixe 4 do FEP

Identificación das zonas

2. Dos grupos de acción costeira

Composición

Financiamento

Proceso

Selección

Gastos

3. O plan estratéxico zonal

O PEZ

Orde de axudas

4. Convenio de colaboración

5. Apoio da Consellería de Pesca



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PESCA
E ASUNTOS MARÍTIMOS



Fondo
Europeo
de Pesca

1. Presentación ao eixe 4 do FEP



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PESCA
E ASUNTOS MARÍTIMOS



Fondo
Europeo
de Pesca

O eixe 4 do Fondo Europeo de Pesca

Desenvolvemento sostible das zonas de pesca:

Obxectivos:

- Manter a prosperidade social e económica das zonas pesqueiras e ofrecer un valor engadido aos produtos da pesca, marisqueo e acuicultura.
- Manter e promover o emprego a través do apoio á diversificación económica e social das zonas que se enfrontan a dificultades socioeconómicas, debido á evolución do sector pesqueiro.
- Promover a calidade do medio costeiro.
- Promover a cooperación nacional e transnacional entre zonas pesqueiras.
- Establecer un enfoque ascendente terra-mar como expresión do goberno en rede e do principio de subsidiariedade.



O eixe 4 do Fondo Europeo de Pesca

Desenvolvemento sostible das zonas de pesca:

¿Por qué apostar pola diversificación económica?

Situación actual do sector:

- A existencia dun mercado globalizado cun elevado nivel de competitividade, cunha incidencia directa a nivel local nas zonas pesqueiras, engadido á escaseza de recursos.
- A diversificación económica incide na creación de emprego noutros sectores como actividades turístico- pesqueiras que contribúen á fixación da poboación ao territorio e á igualdade de oportunidades.



O eixe 4 do Fondo Europeo de Pesca

Desenvolvemento sostible das zonas de pesca:

Medidas:

- Consolidar a competitividade das zonas pesqueiras.
- Reorientar as actividades económicas, a través do turismo ecolóxico, sempre que non dean lugar ao aumento do esforzo pesqueiro.
- Diversificar as actividades a través da promoción da pluriactividade da xente do mar, mediante a creación de empregos adicionais noutros sectores: turístico, patrimonio cultural, social, etc.
- Ofrecer valor engadido aos produtos da pesca.
- Axudar a pequenas infraestruturas e servizos relacionados coa pesca e o turismo en beneficio de pequenos municipios dedicados á pesca.



O eixe 4 do Fondo Europeo de Pesca



Desenvolvemento sostible das zonas de pesca:

Medidas:

- Protexer o medio natural das zonas de pesca, co fin de manter o seu atractivo, rexenerar e desenvolver as zonas costeiras protexendo e mellorando o seu patrimonio natural e arquitectónico.
- Promover a cooperación interrexional e transnacional entre os grupos nas zonas de pesca:
 - Establecemento de redes de contacto.
 - Difusión de boas prácticas.
- Adquirir competencias e facilitar a preparación e aplicación da estratexia de desenvolvemento local e contribuír aos gastos de xestión.

Para o cumprimento destes obxectivos e medidas a dotación do FEP ascenderá a 40 millóns de euros para Galicia.



O eixe 4 do Fondo Europeo de Pesca

Principios de actuación



Enfoque territorial e local

Os fondos concéntranse nas zonas pesqueiras que máis o necesitan. Pódense deseñar solucións adaptadas ás diferentes necesidades.

Estratexias integradas

As accións refórzanse entre si e traballan nas fortalezas e debilidades das zonas pesqueiras.

Participación e partenariado

A estratexia mobiliza o coñecemento, enerxía e recursos de actores locais.

Innovación

Mercados e produtos novos, así como novas formas de traballar, tanto no sector pesqueiro coma noutros sectores.

Colaboración e cooperación


As zonas e comunidades pesqueiras aprenden unhas das outras e encontran aliados para fortalecer a súa posición na economía global.



O eixe 4 do Fondo Europeo de Pesca



- **Criterios de selección de zonas:**
 - Pequenos municipios dedicados á pesca
 - Baixa densidade de poboación
 - Coeficiente de crecemento do sector pesqueiro (CCSP)
- **Identificación das zonas en Galicia. 7 zonas.**
 - Zona 1. Mariña luguesa-Ortegal
 - Zona 2. Golfo Ártabro
 - Zona 3. Costa da Morte
 - Zona 4. Seo de Finisterre-Muros Noia
 - Zona 5. Ría de Arousa
 - Zona 6. Ría de Pontevedra
 - Zona 7. Ría de Vigo-A Guarda



Identificación das zonas do eixe 4 en Galicia. 7 zonas




Zona 1. Mariña luguesa-Ortegal: concellos de Ribadeo, Barreiros, Foz, Burela, Cervo, Xove, Viveiro, O Vicedo, Mañón, Ortigueira, Cariño, Cedeira e Valdoviño.



Identificación das zonas do eixe 4 en Galicia. 7 zonas



Zona 2. Golfo Ártabro: concellos de Narón, Neda, Fene, Mugardos, Ares, Cabanas, Pontedeume, Miño, Paderne, Bergondo, Sada, Oleiros, Arteixo, Cambre e Culleredo.



Identificación das zonas do eixe 4 en Galicia. 7 zonas



Zona 3. Costa da Morte: concellos de Carballo, Malpica de Bergantiños, Ponteceso, Cabana de Bergantiños, Laxe, Camariñas, Muxía, A Laracha e Vimianzo.



Identificación das zonas do eixe 4 en Galicia. 7 zonas




Zona 4. Seo de Fisterra, Ría Muros - Noia: concellos de Cee, Fisterra, Corcubión, Dumbría, Carnota, Muros, Outes, Noia e Porto do Son.



Identificación das zonas do eixe 4 en Galicia. 7 zonas




Zona 5. Ría de Arousa: concellos de Ribeira, Pobra do Caramiñal, Boiro, Rianxo, Catoira, Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa, Illa de Arousa, Cambados, Ribadumia, Meaño e O Grove.



Identificación das zonas do eixe 4 en Galicia. 7 zonas




Zona 6. Ría de Pontevedra: concellos de Sanxenxo, Poio, Marín e Bueu.



Identificación das zonas do eixe 4 en Galicia. 7 zonas



Zona 7. Ría de Vigo-A Guarda: concellos de Cangas, Moaña, Vilaboa, Soutomaior, Redondela, Nigrán, Baiona, Oia, O Rosal e A Guarda.



2. Grupos de acción costeira



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PESCA
E ASUNTOS MARÍTIMOS



Fondo
Europeo
de Pesca

Composición do GAC



- **¿Que é un GAC?**

Grupo de entidades, constituído como ASOCIACIÓN, sen ánimo de lucro circunscrito a unha das sete zonas identificadas. Un GAC por zona, sete GAC en total.



Composición do GAC



- **Composición do GAC.**

- O GAC está integrado por entidades sen ánimo de lucro, representativas dos principais sectores da zona:
- **Sector pesqueiro:** integrarano as asociacións e entidades de interese colectivo pesqueiro, marisqueiro e acuícola con personalidade xurídica propia.
- **Sector social:** integrarán este sector as asociacións socioculturais, deportivas, ecoloxistas, recreativas e educativas, as asociacións de mulleres e outras similares.
- **Sector económico:** integrado polas asociacións de empresarios, de axentes económicos e organizacións sindicais.
- **Sector público:** integrado polas administracións públicas de ámbito local e entidades do sector público vinculadas ou dependentes destas.

- **O sector pesqueiro lidera o GAC. Terá o 50% dos votos** e na asociación rexe o principio de portas abertas.



Funcións xerais do GAC



- **Con carácter xeral, entre outras:**
 - Será dinamizador da zona costeira.
 - Constituirá o centro receptor, canalizador e distribuidor de toda a información no tocante ás accións desenvolvidas na zona.
 - Deberá elaborar un Plan Estratéxico Zonal (PEZ).
 - Será quen de seleccionar os proxectos de cada zona.
 - Fomentará o intercambio de experiencias entre os asociados.
- **Con carácter transversal, entre outras:**
 - Fomentará a igualdade de oportunidades (mulleres, mocidade, persoas discapacitadas, etc.).
 - Adoptará un enfoque innovador.
 - Garantirá a sostibilidade das zonas.
 - Promoverá actividades de carácter informativo, de investigación e sensibilización.
 - Impulsará a protección do medio natural nas zonas pesqueiras.



Funcións operativas do GAC



Obrigações de carácter operativo, entre outras:

- Executar e xustificar debidamente as actividades amparadas polos gastos de xestión e efectuar unha contabilidade independente.
- Promover ou participar en proxectos de cooperación interterritorial e transnacional.
- Velar polo cumprimento da normativa en materia de protección de datos de carácter persoal.
- Integrarse na futura rede galega de GAC.
- Atender e asesorar o público: promotores, particulares, etc.
- Informar os beneficiarios das obrigas derivadas da subvención.
- Tramitar con dilixencia os expedientes.
- Comprobar o cumprimento das condicións determinantes da concesión da subvención.



Proceso de constitución dun GAC



Fase 1. Inicio de contactos coas asociacións co obxecto de formar unha candidatura.

Fase 2. Difusión e sensibilización co obxecto de detectar posibles entidades interesadas.

Fase 3. Consecución de acordos de cara a participar no GAC, a través de cartas de compromiso ou acordos das asociacións interesadas.

Fase 4. Creación dun grupo de traballo mixto (representantes das entidades e técnicos), para a elaboración do PEZ.

Fase 5.

A .Sesión constitutiva da asociación aspirante a GAC.

B. Aprobación dos estatutos e do PEZ.
C .Nomeamento dos órganos directivos.

Fase 6. Presentación formal da candidatura

Consellería de Pesca e
Asuntos Marítimos

Entidades

Entidades

Asociacións



Selección dos GAC



A condición de GAC será obtida polas asociacións candidatas, consonte os seguintes criterios: **a puntuación máxima será de 200 puntos.**

- **Criterios de solvencia técnica.**
 - Plan Estratéxico Zonal. **Mínimo 50 puntos e máximo 100 puntos.**
 - Experiencia na xestión de programas e proxectos europeos ou de desenvolvemento local. **20 puntos.**
 - Existencia dun equipo técnico vinculado á asociación. **15 puntos.**
- **Criterios de representatividade. 20 puntos.**
- **Criterios de coherencia.**
 - Accións de difusión e dinamización. **10 puntos.**
 - Mecanismos de coordinación e complementariedade con outros grupos do territorio. **10 puntos.**
- **Criterios de xénero.** Representación feminina nos cargos da asociación. **25 puntos.**



Os grupos de acción costeira

- **¿Cando é necesario presentar as solicitudes?**
As solicitudes, xunto coa documentación complementaria, deberán presentarse **antes do 15 de outubro de 2008.**
- **¿Onde hai que presentalas?**
O lugar de presentación das solicitudes e a documentación complementaria será:
Preferiblemente na sede dos servizos centrais da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos. Edificio Administrativo San Caetano, s/n Santiago de Compostela.

**A documentación a presentar está detallada na
Guía da Candidatura**



Os grupos de acción costeira

Avaliación das solicitudes

A avaliación efectuaráa unha **comisión de valoración** nomeada pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

Funcións da Comisión de Valoración:

- Avaliará as candidaturas a GAC e os seus correspondentes PEZ.
- Poderá abrir un período simultáneo de consultas coas asociacións para a presentación dunha única candidatura por zona.
- No período de consulta anterior requirirase no seu caso a corrección ou emenda da documentación.
- Emitirá o informe de avaliación e remitirao ao órgano instructor para que proceda a ditar proposta de resolución.

Resolución e convenio de colaboración:

A resolución da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos leva implícito o nomeamento do grupo como entidade colaboradora e deberase formalizar nun convenio de colaboración entre o grupo e a Consellería.



Gastos de xestión dos GAC



- A Consellería de Pesca concederá a cantidade económica necesaria para que o grupo dispoña dun orzamento suficiente e poida dispor dunha oficina e dun equipo técnico.
- A partida para estes gastos será o 20% do total do orzamento do PEZ:
 - Gastos de funcionamento, cun máximo dun 10%.
 - Gastos de sensibilización e promoción, cun máximo dun 10%.
- Estes gastos serán financiados ao 100% e ingresados segundo os termos do convenio de colaboración.
- Os gastos de sensibilización e promoción efectuados polo GAC seleccionado, con anterioridade á resolución, serán subvencionados integramente.



Gastos de funcionamiento



Estes gastos comprenden:

- Custos de explotación dos grupos
- Gastos de persoal técnico contratado polo GAC
- Asistencias técnicas para a xestión do programa
- Custos de auditorías
- Subministracións exteriores
- Material informático, telemático e de reprografía
- Gastos relativos á sede do GAC
- Axudas para desprazamentos e traballo en rede



Gastos de sensibilización e promoción



Estes gastos comprenden:

Actos de publicidade e divulgación, tales como:

- Publicacións, web do proxecto, xornadas informativas, congresos, seminarios, estudos e traballos técnicos e outros que teñan como finalidade a difusión do PEZ e das actuacións de desenvolvemento local consideradas neste.
- Actividades que teñan como obxecto o intercambio de experiencias e a formación, incluso no estranxeiro.
- Accións de formación vinculadas á aplicación da estratexia.



3. O plan estratéxico zonal



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PESCA
E ASUNTOS MARÍTIMOS



Fondo
Europeo
de Pesca

O plan estratéxico zonal (PEZ)




¿Que é o PEZ?


- É o documento que define a estratexia local de desenvolvemento sostible das zonas costeiras ao abeiro dos obxectivos do eixe 4 do FEP.
- É o marco definitorio das accións e proxectos que se van levar a cabo nas zonas costeiras, segundo os criterios establecidos neste.
- Deberá adecuarse ao orzamento total asignado á súa zona.



O plan estratéxico zonal (PEZ)



O plan estratéxico zonal (PEZ)



O plan estratéxico zonal (PEZ)



Contido mínimo do PEZ.

- Diagnóstico do territorio mediante unha análise da situación socioeconómica dunha zona pesqueira determinada que nos permita saber cales son as debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades (DAFO), sempre coa mirada posta nos obxectivos establecidos no eixe 4 do FEP.
- Proposta estratéxica de actuación, onde se concretará a estratexia que ten que seguir o GAC (de acordo cos obxectivos do FEP), as actuacións previstas e os criterios de valoración dos proxectos, sexan produtivos ou non produtivos.
- Proposta de execución do plan, onde haberá que establecer o plan financeiro, o cronograma de execución do PEZ, os gastos de xestión do GAC e os sistemas de control e execución do PEZ.
- Elementos transversais, que informan de todas as políticas europeas, como son o principio de igualdade de oportunidades, innovación, información e publicidade e a sostibilidade das actuacións recollidas no PEZ.



Orde de axudas para a execución dos PEZ



- Aprobados os PEZ, a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos convocará unha orde de axudas para que os promotores presenten proxectos de execución do PEZ.
- **Beneficiarios:**
Persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas (pemes), que presenten un proxecto adecuado ao PEZ, para desenvolver na súa zona.
- **Contía das axudas:**
 - Investimentos non produtivos ata o 75% dos gastos elixibles.
 - Investimentos produtivos ata o 60% dos gastos elixibles.



Orde de axudas para a execución dos PEZ



- **Selección de proxectos**

- A xunta directiva do GAC realizará a selección dos proxectos conforme os criterios obxectivos do PEZ.
- A Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos emitirá a resolución de axuda.

- **Xustificación e pagamento**

- O GAC elaborará informes de certificación para garantir o cumprimento das actividades e finalidades das axudas.
- O GAC remitiralle cuatrimestralmente á Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos unha lista dos beneficiarios. Caben, nalgúns supostos, pagos parciais.



4. Convenio de colaboración



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PESCA
E ASUNTOS MARÍTIMOS



Fondo
Europeo
de Pesca

Convenio de colaboración



- O convenio de colaboración deberá ser asinado polo GAC seleccionado para obter a condición de entidade colaboradora no marco da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.
- Cada GAC estará obrigado a asinar un convenio de colaboración.
- O convenio establecerá o réxime de dereitos e obrigas na xestión das axudas por parte do GAC.
- Obrigacións do GAC como entidade colaboradora:
 - Asesorar os promotores de proxectos.
 - Axudar a xestionar as axudas dos promotores de proxectos ante a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos (selección dos proxectos).
 - Realizar as funcións de seguimento e control dos expedientes e das obras realizadas.



5. Apoio da Consellería durante todo o proceso



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PESCA
E ASUNTOS MARÍTIMOS



Fondo
Europeo
de Pesca

Apoio da Consellería de Pesca



Durante todo o proceso a Consellería porá a disposición un conxunto de ferramentas para facilitar a xestión dos grupos de acción costeira e de todo o programa en xeral:

- Páxina web do programa: www.accioncosteira.es
- Guía de candidatura de grupos de acción costeira.
- Guía dos promotores/as de proxectos.
- Guía de comunicación para o cumprimento das medidas de difusión e publicidade que establece a Unión Europea.
- Guía para o correcto cumprimento da Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal.
- Unha aplicación informática para os GAC coa finalidade de facilitar a xestión do programa e dos expedientes.





grupos de
acción costeira
2007-2013

www.accioncosteira.es



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PESCA
E ASUNTOS MARÍTIMOS



Fondo
Europeo
de Pesca